

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión celebrada o 26.03.2004 e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se teña producido reclamación algunha entendese definitivamente aprobado o Regulamento municipal do uso do galego no Concello de Mugar dos, procedéndose á publicación do texto integro de dito regulamento tal e como figura de seguido:

## REGULAMENTO MUNICIPAL DO USO DO GALEGO NO CONCELLO DE MUGARDOS

### **CAPÍTULO I**

O galego como lingua oficial do municipio

#### **Artigo 1º . O galego, lingua oficial do Concello de Mugar dos**

1. O galego como lingua propia de Galiza é o idioma oficial do Concello de Mugar dos.
2. As actuacións internas do Concello de Mugar dos faranse normalmente en lingua galega.
3. Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a seren atendidos e a obteren copia da documentación municipal e a recibiren as correspondentes notificacións no idioma oficial que elixan.

#### **Artigo 2º . Aplicación no ámbito municipal**

1. O Concello de Mugar dos, os organismos, entidades e sociedades que del dependan e as autoridades e o persoal ao seu servizo empregarán normalmente o galego nas actuacións internas e nas súas relacións cos cidadáns e cidadás e coas entidades públicas e privadas situadas en Galiza.
2. As empresas concesionarias de servizos públicos municipais, as adjudicatarias de contratos de obras, servizos e subministracións así como as de explotación mixta, empregarán normalmente o galego (expresamente nos pregos de condicións e contratos) nas súas relacións co Concello.
3. A regra anterior incorporarase expresamente aos pregos de condicións e contratos mencionados.
4. O Concello de Mugar dos velará para que a nivel interno e nas actividades nas que participe -convenios, consorcios- sexan aplicados os principios aquí establecidos

#### **Artigo 3º . Aplicación noutros ámbitos**

O Concello velará para que os principios anteriores se apliquen nos organismos supramunicipais dos que forme parte e nas relacións interadministrativas coas demais Administracións públicas de Galiza.

## **CAPÍTULO II**

Do uso interno do galego

### **Artigo 4º . Das sesións, actas e resolucións municipais**

Redactaranse en galego:

a) As convocatorias e ordes do día das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e, nomeadamente, as do Pleno, Comisión de Goberno, comisións informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos.

b) As mocións, votos particulares, emendas e propostas de acordo, os rogos e preguntas, así como os dictames das comisións informativas.

c) As actas das sesións dos anteditos órganos.

d) As resolucións do alcalde e dos concelleiros-delegados.

e) As notificacións e comunicacións dos actos anteriores.

### **Artigo 5º . Dos expedientes administrativos**

Os informes e os demais documentos que integran os expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos impresos.

### **Artigo 6º . Dos contratos e escrituras públicas**

Os contratos e escrituras públicas nos que interveña o Concello de Mugaros e as entidades e os organismos del dependentes outorgaranse en lingua galega. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fóra de Galiza, tamén se outorgarán en versión castelá.

### **Artigo 7º . Dos rexistros administrativos**

Sen prexuízo do que dispón o artigo 9º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os asentos dos rexistros administrativos do Concello de Mugaros extenderanse en galego con independencia da lingua na que estea redactada o documento obxecto de inscrición.

### **Artigo 8º De outros escritos**

1. Todos os impresos e modelos de documentación utilizados polos diferentes órganos do concello.

2. Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma, os mataselos e outros elementos análogos han estar escritos en galego

3. As aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

## **CAPÍTULO III**

Do uso externo do galego

### **Artigo 9º . Da atención ao público**

1. As autoridades e o persoal ao servizo do Concello de Mugarodos e das entidades e organismos dependentes del utilizarán normalmente o galego como lingua de relación cos cidadáns e cidadás e de atención ao público sen prexuízo do dereito de elección lingüística ao que se refire o artigo 1º . 3.

2. As autoridades e servizos (información e outros) que teñan una relación máis intensa cos veciños e veciñas e coas entidades e asociacións cidadás promoverán o uso do galego como lingua normal de comunicación, a información sobre os dereitos lingüísticos de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación e, se é o caso, a colaboración en materia de normalización lingüística.

3. Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que @ administrad@ demande expresamente ser atendido/a en castelán.

4. Os impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se soliciten.

5. Só se farán impresos bilingües cando algunha circunstancia especial así o requira. O texto galego figurará sempre de forma preferente.

6. Só se @ interesad@ o solicita formalmente, entregaránselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua castelá. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

7. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galiza faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos cidadáns e cidadás a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

8. Os expedientes que deban ter algún ou todos os efectos fóra do territorio no que a lingua galega é o idioma oficial, faranse tamén en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

9. Os documentos públicos e contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso de que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase na lingua que se acorde, e, se acaso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galego para incorporalaao expediente.

## **Artigo 10º . Das relacións cos profesionais e as empresas de servizos**

Os estudos, informes, proxectos, dictames e traballos semellantes que o Concello de Mugar dos Lles encargue a profesionais e empresas de servizos radicadas en Galiza redactaranse en galego non sendo que pola súa finalidade sexa inexcusable que se elaboren noutra lingua.

## **Artigo 11º . Dos anuncios e a publicidade institucional**

1. Os anuncios e a publicidade institucional do Concello de Mugar dos Lles e dos organismos e entidades que dependen del que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galiza ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade Autónoma serán redactados en galego.

2. Os libros, revistas e calquera tipo de publicación que edite, teñan ou non carácter periódico, así como as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega con carácter xeral, sen prexuízo de que, cando o interese xeral o requira, se publiquen tamén noutros idiomas.

3. Todo tipo de mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación así como os equipos de megafonía en lugares dependentes do Concello de Mugar dos Lles, faranse en galego, agás aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

4. Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase sempre que sexa posíbel en versión dobre: galego e a lingua propia do territorio onde se dirixa.

5. Os impresos, trípticos e outros escritos das entidades do territorio galego, estatal e superestatal que no estean redactados en lingua galega e deban ser difundidos, o concello de Mugar dos Lles poderá solicitar a versión á nosa lingua, sen prexuízo da súa difusión de acordo coa lexislación vixente.

## **Artigo 12º . Dos actos institucionais e actividades públicas**

As autoridades do Concello de Mugar dos Lles utilizarán xeralmente o galego nos actos públicos celebrados no ámbito territorial de Galiza sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

## **Artigo 13º . Da programación cultural e educativa do Concello**

Os programas de actividades culturais e educativas do Concello terán en conta os obxectivos de divulgar o coñecemento e promover a utilización da lingua galega.

## **Artigo 14º . Das actividades privadas subvencionadas polo Concello**

1. O Concello de Mugar dos Lles promocionará o uso do galego entre as entidades, comisións de festas e asociacións veciñais, culturais e deportivas do municipio, especialmente das que sexan destinatarias de subvencións públicas da Corporación.

2. Con esa finalidade as bases das correspondentes convocatorias ou, se é o caso, as resolucións que outorguen as subvencións conterán expresamente a recomendación, segundo os casos, de utilización do idioma galego nas actividades externas subvencionadas da entidade.

## **Artigo 15º . Do impulso institucional**

1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei de Normalización Lingüística do Galego (3/1983, 15 de xuño), o Concello de Mugar dos fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal, para isto farase constar por escrito nos convenios asinados coas diferentes entidades que quedan obrigadas a cumprir integramente os requisitos desta ordenanza.

2. Como tamén se recolle no citado artigo 25 da Lei de Normalización Lingüística, o Concello de Mugar dos poderá outorgar reducións ou exencións de obrigas fiscais para as actuacións realizadas coa normalización lingüística.

3. Das tarefas que se realicen para dar pulo institucionalmente no concello de Mugar dos, ocuparase un futuro Servizo Municipal de Normalización Lingüística (SMNL) o cal programará e coordinará as accións necesarias para dar cumprimento ao espírito que aniña neste Regulamento. ,

4. Todos os organismos do Concello de Mugar dos darán pulo á normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do SMNL e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

### **Artigo 16º . Dos topónimos, a sinalización e os rótulos**

1. De conformidade co que dispón o artigo 10º da Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983, 15 de xuño), a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Mugar dos é a galega.

2. A Corporación catalogará e divulgará os nomes oficiais dos núcleos de poboación, das vías de comunicación e das rúas e vías urbanas. Tamén promoverá a catalogación e divulgación da toponimia das partes restantes do territorio municipal e dos seus accidentes xeográficos.

3. A sinalización e rotulación das edificacións, servizos e equipamentos públicos, maquinaria, rede viaria e núcleos de poboación realizarase en galego e aterase á toponimia oficial. Cando o interese xeral o requira, os sinais informativos tamén se redactarán nos idiomas que se estimen convenientes en cada caso.

1. A norma anterior será aplicable á maquinaria, ao equipamento e as instalacións das empresas adxudicatarias de servizos públicos municipais.

2. O Concello de Mugar dos velará por que se cumpra o artigo 10º de Normalización Lingüística e tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial propia do Concello (prensa, libros, guías turísticas, guías telefónicas...).

## **CAPÍTULO IV**

Do uso do galego nas relacións con outras Administracións

### **Artigo 17: Do uso do galego coas administracións situadas na Galiza**

1. O Concello de Mugar dos utilizará o idioma galego nas relacións coas demais Administracións públicas de Galiza e cos organismos da Administración Xeral do Estado radicadas no territorio galego.

2. As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente do feito que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

### **Artigo 18: Do uso do galego coas administracións situadas fóra da Galiza**

1. Os documentos e as copias dos documentos do Concello dirixidos ás Administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego, e se cómpre, expedirase unha copia na lingua propia do territorio onde vaia dirixida a documentación, ou en castelán.

2. Respecto aos documentos dirixidos directamente aos organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o Concello aterase ao que preveñen as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego.

## **CAPÍTULO V**

Da capacitación lingüística do persoal ao servizo da Corporación

### **Artigo 19º . Obxectivo**

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación debe estar en condicións de empregar a lingua galega adecuadamente en forma oral e por escrito de acordo co nivel correspondente ao posto de traballo que desempeñe.

### **Artigo 20º . Medios**

Para acadar o obxectivo sinalado no artigo anterior establécense as seguintes regras:

1ª. Nos procedementos de selección de persoal deberase acreditar o coñecemento do idioma galego a través do exercicio ou exercicios escritos elou orais que sinalen as bases da convocatoria dependendo do perfil da praza.

2ª. Nos procedementos de provisión de postos de traballo o coñecemento da lingua galega constituirá un mérito avaliable que se deberá acreditar por medio dos títulos oficiais que se sinalen.

3ª. Nos programas de formación e perfeccionamento do persoal que periodicamente se realicen, terase en conta o obxectivo de capacitar progresivamente aos funcionarios na utilización da linguaxe administrativa e técnica propia das súas tarefas profesionais.

4ª. A formación profesional do persoal funcionario e laboral do Concello de Mugardos farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a programación e organización. De non depender del, o Concello demandará que se faga en galego.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor unha vez que se cumpran os requisitos que prevé o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contenciosoadministrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de publicación deste anuncio.

Mugardos, 23 de xuño de 2004

O ALCALDE

Asdo.: Xosé Fernández Barcia